

Programa Galego de Intelixencia Artificial 2026 - 2028



XUNTA
DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia. 2025

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA.

Os textos deste documento distribúense baixo licenza Creative Commons
Atribución – Compartir Igual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en:

<https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.g>

Notas sobre as imaxes:

As imaxes incluídas neste documento proceden dos seguintes servizos e polo tanto non se distribúen baixo a licenza CC BY-SA 4.0, senón baixo as condicións das súas propias licenzas, que se poden consultar nas seguintes ligazóns:

Unsplash: <https://unsplash.com/licens>

Pexels: <https://www.pexels.com/es-es/terms-of-service/>

Santiago de Compostela. Ano 2025

ÍNDICE

1 A INTELIXENCIA ARTIFICIAL: UN CAMBIO DE PARADIGMA

1.1 A evolución da IA nos últimos tempos

1.2 Fitos destacados

2 A INTELIXENCIA ARTIFICIAL PRESENTE NO DÍA A DÍA DE GALICIA

2.1 O camiño percorrido ata hoxe

2.2 O ecosistema de Intelixencia artificial de Galicia

3 O PROGRAMA GALEGO DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL 2026-2028

3.1 Motivacións

3.2 Eixes estratéxicos

- Eixe 1. Galicia rexión intelixente
- Eixe 2. Talento e competencias en IA ao longo da vida
- Eixe 3. Adopción estratéxica da IA
- Eixe 4. I+i orientada ás necesidades da economía galega



1 A INTELIXENCIA ARTIFICIAL: UN CAMBIO DE PARADIGMA

1 A INTELIXENCIA ARTIFICIAL: UN CAMBIO DE PARADIGMA

1.1. A evolución da IA nos últimos tempos

Nos últimos anos, a **intelixencia artificial** (IA) pasou de ser un concepto do futuro a converterse nunha realidade presente nas nosas vidas.

A principios de século, ninguén imaxinaba unha tecnoloxía capaz de traballar de forma intelixente, autónoma e automatizada. Sen embargo, na **primeira década do novo milenio** tiveron lugar **grandes avances tecnolóxicos no campo da IA** que marcaron o inicio dunha revolución dixital sen precedentes.

No 2011 **IBM** presentou ao mundo **Watson**, un sistema baseado en IA que se alzou coa vitoria no concurso televisivo estadounidense Jeopardy! batindo aos seus contrincantes humanos. No 2016, o **AlphaGo de Google DeepMind** derrotou a un dos mellores xogadores do mundo no complexo xogo de mesa Go!, e no 2021, o **modelo DALL-E de OpenAI** permitía xa xerar imaxes e contidos visuais de gran detalle sen que os seus usuarios necesitasen contar con habilidades de deseño gráfico.¹

O **salto cualitativo da IA** acadado en pouco máis de 10 anos sitúanos hoxe nun escenario moi diferente. Na actualidade, as tecnoloxías intelixentes poden **procesar e analizar grandes cantidades de datos** en cuestión de segundos, **mellorar as predicións** e proporcionar **información en tempo real**.

Dende a adopción masiva de asistentes virtuais e chatbots ata os avances en vehículos autónomos e diagnósticos médicos, hoxe en día a IA ten demostrado a súa **capacidade para transformar**

industrias e mellorar a eficiencia en múltiples sectores.

O seu **impacto** esténdese a tódolos sectores, dende a **educación**, a **xustiza** ou **ámbito sanitario**, con novas ferramentas de IA capaces de detectar o cancro de mama mediante a identificación de patróns, o que permite recoñecer sinais de alerta temperá; ata a **loita contra o cambio climático**, a través de **modelos de apoio á toma de decisións** informadas, como **ClimateGPT**, para investigadores, políticos e líderes empresariais sobre a emerxencia climática.

O **sector primario** é outro dos grandes beneficiados polos avances das tecnoloxías Intelixentes: a monitorización de cultivos en tempo real, a optimización do rego, a detección e diagnóstico de pragas e enfermidades ou a agricultura de precisión para a aplicación de fertilizantes empregan os últimos avances en IA **para transformar a explotación agraria** e avanzar cara un modelo de xestión mais eficiente e sostible dos recursos naturais.

O poder transformador e as novas capacidades da Intelixencia artificial reflicten o seu **potencial na ciencia e na investigación**, abrindo novas vías para dar **resposta aos desafíos científicos**. Mostra disto é o **Premio Nobel de Química de 2024**, que recoñece os estudos de deseño computacional de proteínas e a predición da estrutura das proteínas, que emprega a aprendizaxe automática para resolver o complexo problema do pregamento de proteínas, que leva sendo obxecto de investigación científica durante as últimas 5 décadas.

¹ "La historia de la IA". Tim Mucci, IBM, 2024.

O impacto da IA na economía

Os significativos avances tecnolóxicos da IA e súa adopción en diversas industrias nos últimos anos tradúcense nun crecente interese nesta tecnoloxía na sociedade e, á súa vez, nun **impacto tanxible na economía**.

Segundo diversos estudos, o mercado global de IA experimentou un crecemento exponencial ata agora, con **proxeccións de superar os 19,9 billóns de dólares** de contribución á economía global ata 2030.²

O auxe da economía da IA ven impulsado por varios factores, como a integración da IA nas operacións comerciais, a automatización de tarefas repetitivas ou a mellora de produtos ou servizos.

De entre todas estas variables, destaca a **adopción masiva de tecnoloxías de IA xenerativa**, que permite crear contidos orixinais como texto, imaxes, audio e incluso código de software en base a instrucións ditadas en linguaxe natural polo usuario. De feito, o **65% das organizacións estaban a utilizar** xa estas ferramentas de maneira regular en 2024.³

A OCDE estima que as solucións de IA xenerativa poderían **engadir un 7% ao PIB nos próximos dez anos e impulsar a produtividade en 1,5 puntos porcentuais** no mesmo período;⁴ mentres que outra proxeccións indican que **a IA xenerativa engadirá entre 2,6 billóns de dólares e 4,4 billóns de dólares ao ano á economía global**.⁵

Estas cifras subliñan o enorme potencial económico da IA e a súa capacidade para impulsar o crecemento e a innovación na nosa rexión.

² Artigo "La Inteligencia Artificial contribuirá con \$19.9 billones a la economía global hasta 2030 y generará el 3.5% del PIB Global en 2030". International Data Corporation (IDC) Research. 2024.

³ Informe "El estado de la IA a principios de 2024: la adopción de la IA generativa aumenta y comienza a generar valor". McKinsey. 2024.

ILUSTRATIVO 1. O potencial da IA en cifras.



Profesionais educativos

Redución do **12%** das horas dedicadas á docencia

Redución do **22%** das horas destinadas a tarefas administrativas.



Profesionais sanitarios

Redución dun **40%** do tempo dedicado á redacción de diagnósticos con IA



Sanidade

Redución de **22** días nas listas de espera para a atención especializada



Xestión do tráfico

Redución de emisións de CO2 equivalentes a retirar **905.000** automóviles das estradas.



Xestión hídrica

Redución ata nun **70%** das perdas de auga nas fugas en redes de subministro.

Aforro dun **20%** de auga en sistemas de regadío



Produtividade laboral

+ 40% con IA

+ 80% con IA avanzada

Fonte: HispanIA 2040. *Cómo la inteligencia artificial mejorará nuestro bienestar futuro*. Oficina Nacional de Prospectiva y Estrategia

⁴ Informe "Artificial intelligence, data and competition". OCDE Artificial Intelligences Papers. 2024.

⁵ Informe "The economic potential of generative AI: The next productivity frontier". McKinsey. 2023.

Coa paulatina democratización e xeneralización do acceso e uso de solucións baseadas en tecnoloxías intelixentes no día a día, a IA comeza a introducirse e acadar, cada vez, un espazo maior no debate público.

Os seus evidentes efectos nos diferentes sectores e ámbitos da vida cotiá da cidadanía, xunto coa importancia do enfoque ético promovido pola Unión Europea, convérteno nun tema de máxima actualidade nos últimos anos.


A IA está a xerar unha **expectación e interese social en constante aumento**. Así o amosan os datos de Google Trends sobre

as **buscas mundiais vencelladas a este termo** no popular buscador, cun **crecemento significativo do interese ao longo do tempo**.

Obsérvase un **aumento notable a partir de 2022**, coincidindo co lanzamento de ChatGPT e outros picos de interese que teñen correlación con eventos clave a nivel internacional.

O seguinte gráfico proporciona unha valiosa perspectiva sobre a evolución do interese público na IA, destacando a súa **crecente importancia e necesidade de comprender as súas implicacións** na vida das persoas.

GRÁFICO 1. Evolución das buscas en Google relacionadas coa IA no período 2020-2025.⁶



Fonte: Buscas en Google relacionadas coa IA 2020-2025. Google Trends.

⁶ Os números amosan o interese de busca en relación co valor máximo dun gráfico a nivel global e no período establecido (2020-2025). Os valores calcúlanse de 0 a 100, sendo 100 a

máxima popularidade dun termo en proporción ao total de buscas, mentres que 50 indica que un termo é a metade de popular en relación co valor máximo.

Un debate centrado na ética e na soberanía tecnolóxica

A soberanía tecnolóxica emerxe como un dos **eixos centrais do debate político e económico global**, cunha crecente intensidade na era dixital. A intelixencia artificial, co seu **carácter disruptivo e transformador**, ocupa un lugar destacado nesta discusión, catalizando reflexións profundas sobre o futuro da nosa sociedade.

A aparición do coñecido *Chat GPT* no 2022 evidenciou o gran potencial que os avances en IA poden supoñer, pero **tamén trouxo a colación os riscos e consideracións éticas** que as sociedades modernas deben ter en contar para reducir os posibles impactos sociais negativos da IA.

Este debate adquire especial relevancia no actual contexto da Unión Europea (UE), que busca **reducir a súa dependencia tecnolóxica** dos grandes actores globais para asegurar que a integración da IA e outras tecnoloxías emerxentes nas súas infraestruturas críticas permita **manter a competitividade** sen renunciar á **seguridade** das súas **nacións** e á **privacidade dos cidadáns europeos**.

A **ética na IA convértese nunha prioridade indiscutible para a UE**, que busca construír un **ecosistema tecnolóxico aliñado cos valores europeos**. A confianza dos cidadáns na IA depende da transparencia, a equidade e a responsabilidade dos seus sistemas.

A soberanía tecnolóxica e a ética na IA son, polo tanto, dous lados da mesma moeda. En sectores de gran importancia social como a saúde, a educación ou a seguridade, **resulta crucial abordar os desafíos éticos da IA** para garantir que o seu uso beneficie á sociedade de maneira xusta e equitativa.

O Goberno aproba a norma para o bo uso da IA, que obriga a etiquetar contidos creados con esta tecnoloxía

O anteproxecto de lei, que traspón o regulamento europeo, establece que aplicacións de IA están prohibidas, pero non concreta como se deberán identificar os "deepfakes".

El País. 11.03.2025

Preto de 8 de cada 10 europeos considera importante que as autoridades públicas dean forma ao desenvolvemento da IA para asegurar o respecto dos nosos dereitos e valores

Eurobarómetro. 08.07.2024

A ONU da o primeiro paso cara a unha gobernanza global da intelixencia artificial

El País. 20.03.2025

”

A importancia do talento e a capacitación en IA

A IA está a ser un vehículo de transformación do panorama económico e do mercado de traballo.

Os traballadores que usan Intelixencia Artificial nos seus postos de traballo teñen catro veces máis probabilidades de **afirmar que a IA ten impacto na mellora das condicións de traballo**, como a satisfacción laboral, a saúde física e mental ou a equidade na xestión.⁷

Neste contexto de rápida evolución, a importancia do **talento e a capacitación** en IA resulta necesario para dar resposta ao cambiante mercado laboral. Por iso, a **formación continua** resultan elementos esenciais para o crecemento económico.

A sociedade amosa un **interese crecente por comprender e adaptarse** ao indubidable impacto da IA nestes ámbitos, esixindo novas oportunidades de adquisición de habilidades e destrezas no campo da IA.

Segundo resultados do Eurobarómetro, obsérvase unha **variación significativa entre as percepcións daqueles traballadores de entre 15 e 54 anos e aqueles de 55 ou máis anos**, considerándose os primeiros máis cualificados no uso da IA nos seus traballos.⁸

Os **sectores produtivos demandan unha forza laboral dotada** das habilidades dixitais necesarias para desenvolver a tecnoloxía, adoptar as novas aplicacións da IA e comprender os seus desafíos.

O mundo educativo e laboral deben, polo tanto, **aproveitar as oportunidades da IA** para **garantir a prosperidade** nun futuro intelixente.

⁷ The impact of AI on the workplace: Main findings from the OECD AI surveys of employers and workers. OCDE Social, Employment and Migration Working Papers. Marzo de 2023.

⁸ AI and the future of work. Eurobarometer Report. Abril-mayo de 2024.

As universidades forman contra reloxo a expertos en IA para que deixen de quedar sen cubrir o 50% dos empregos que se ofertan

Calcúlase que ata 2030 pervivirá a brecha entre oferta e demanda de perfís en ciencia de datos e intelixencia artificial.

El País. 11.02.2025

Catro de cada dez traballadores en España deberá mellorar as súas habilidades para ter un emprego en 2030

O avance da automatización e a intelixencia artificial impulsarán o cambio do mercado laboral o próximo lustro, segundo o Foro Económico Mundial.

El País. 20.02.2025

O 24% dos traballadores teme que a Intelixencia artificial poña en risco o seu emprego, 13 puntos menos que hai un ano

La Vanguardia. 13.03.2025

”

A adopción estratéxica da Intelixencia Artificial

O auxe na adopción da IA está a **redefinir o funcionamento de empresas e gobernos**. O crecente interese e a rápida adopción desta tecnoloxía en ambos sectores **obsérvase en diversos ámbitos** como a saúde e os servizos esenciais, ou o uso desta tecnoloxía por parte dos tecidos produtivos.

A sociedade está a observar como os servizos públicos **evolucionan cara modelos intelixentes** que empregan IA co obxectivo de mellorar a eficiencia e eficacia dos mesmos. Por exemplo, o 51% dos servizos públicos de emprego dos países da OCDE están a empregar solucións de IA.⁹

Sen embargo, **a adopción da IA tamén formula desafíos**, como o aumento da vulnerabilidade nas empresas que a empregan, mediante a exposición aos riscos e ameazas da IA. En concreto, **o 69% das empresas a nivel mundial sinalan que as súas principais preocupacións** son as ameazas aos dereitos legais e de propiedade intelectual e o risco de divulgación de información aos competidores.¹⁰

Pero, a pesar dos retos, a IA é **xa unha realidade en moitas empresas**, o que subliña o seu carácter transversal e o seu potencial para impulsar a innovación no mundo empresarial. Así, o 92% das empresas creen que a IA require de novas técnicas de xestión de datos e control riscos.¹¹

Con todo, **gobernos e empresas deben traballar conxuntamente** para deseñar estratexias que maximicen os beneficios da IA, minimicen os riscos e garantan o fomento da innovación e do seu uso ético e responsable.

⁹ A new dawn for public employment services. Service delivery in the age of AI. OCDE Artificial Intelligence Papers. Xuño de 2024.

¹⁰ Cisco 2024 Data Privacy Benchmark Study. Cisco. 2024.

¹¹ Cisco 2024 Data Privacy Benchmark Study. Cisco. 2024.

Preto de oito de cada dez europeos enquisados esperan que acceder ou recibir servizos sanitarios con IA sexa importante ao final desta década

1 de cada 3 afirma que será moi importante para entón.

Eurobarómetro. 08.07.2024

A UE pon en marcha a iniciativa InvestAI para mobilizar 200.000M€, de investimento en IA

Inclúe un novo fondo europeo para xigafactorías de IA, unha gran infraestrutura para o desenvolvemento aberto e colaborativo de modelos de IA máis complexos.

*Representación Española na Comisión Europea.
11.02.2025*

Seis de cada dez empresas considéranse máis vulnerables ao cibercrimen polo uso da IA

O uso da IA xenerativa é xa habitual entre o 71% das empresas españolas, sen distinción de sectores ou tamaños.

La Vanguardia. 13.03.2025

”

Investigación e innovación como motor da vangarda tecnolóxica

Na competitiva carreira pola vangarda tecnolóxica, **a investigación e a innovación posiciónanse como os pilares fundamentais que impulsan o progreso** das nosas sociedades e economías.

A UE, consciente deste feito, traballa no despregue de esforzos significativos neste ámbito. Non obstante, **a ambición por liderar os próximos avances** require unha mirada crítica á inversión e unha estratexia audaz que dea resposta ás dinámicas globais.

En canto á intensidade da innovación, un indicador clave é o **número de patentes rexistradas**. Obsérvase un significativo aumento deste dato, reflectindo o rápido avance e crecente importancia da tecnoloxía relacionada coa IA.

O World Economic Forum estima que **o 70% da nova riqueza que se xere a nivel mundial durante a próxima década verá da economía dixital**. Polo tanto, a capacidade de innovar e desenvolver tecnoloxías intelixentes é un factor crítico para a prosperidade e competitividade dos países.

A nivel europeo, de acordo con EUROSTAT, **o gasto en I+D en Europa** apenas acadou un 2,22%, malia os incrementos dos últimos anos. Este crecemento pausado subliña a necesidade de Europa de manter o ritmo na carreira pola innovación.

Fonte: Patent Landscape Report - Generative Artificial Intelligence (GenAI) (2024). Organización Mundial de Propiedade Intelectual (OMPI).

Europa busca protagonismo no desenvolvemento da IA co primeiro gran centro do continente

A iniciativa formará parte do Centro para a Cuarta Revolución Industrial, a plataforma de institucións públicas e privadas creada polo Foro Económico Mundial.

20 Minutos. 02.03.2025


Cidades intelixentes en movemento: como a IA axuda a mellorar o fluxo urbano

Investigadores financiados pola UE empregan IA para facilitar o fluxo nas cidades europeas, facendo que as contornas urbanas sexan máis seguras e máis ecolóxicas.

Horizon Magazine. 20.03.2025

”

GRÁFICO 2. N° de familias de patentes publicadas en modelos GenAI



1.2. Fitos destacados

A IA sitúase como motor clave polo seu potencial transformador global e local. Dende a implementación de **políticas e estratexias de fomento da innovación** e impulso da adopción desta tecnoloxía, ata ao establecemento de **marcos**

regulatorios para o uso ético e seguro da IA, obsérvase o compromiso e a aposta polas tecnoloxías intelixentes como catalizadores da innovación tecnolóxica en Europa, en España e en Galicia.

ILUSTRATIVO 2. Mapa temporal dos principais fitos e avances estratéxicos vencellados á Intelixencia Artificial



LENDAX


 Instrumentos estratéxicos
 Normativa e lexislación

 Lanzamentos tecnolóxicos
 Grandes investimentos

 Nivel global e europeo
 Nivel estatal

Dende 2020 ata a actualidade, destacan importantes avances en **instrumentos estratéxicos, lanzamentos tecnolóxicos innovadores, a creación de normativas e lexislación clave, e a materialización de grandes inversións** neste campo.

A seguinte cronoloxía destaca os momentos máis relevantes, **ofrecendo unha visión transversal** de como a IA moldea o noso presente e continua moldeando o noso futuro.



Fonte: *Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea, o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, e da Revista dixital Wired..*

**A INTELIXENCIA
ARTIFICIAL PRESENTE
2 NO DÍA A DÍA DE
GALICIA**

2 A INTELIXENCIA ARTIFICIAL PRESENTE NO DÍA A DÍA DE GALICIA

2.1. O camiño percorrido ata hoxe

No 2021, Galicia convértese en **pioneira coa aprobación da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 (EGIA2030)**, dando unha resposta local aos novos retos e oportunidades vencellados ao crecente desenvolvemento da IA como tendencia global para despregar unha **intelixencia artificial de vangarda, ética, segura e centrada nas persoas**.

A EGIA 2030, aprobada polo Consello da Xunta na súa sesión do 10 de xuño de 2021, conta cun investimento público autonómico de máis de 330 millóns de euros no período 2021-2030, cun **investimento per cápita en IA superior á media europea** e cun **impacto esperado na creación de riqueza de 472 millóns de euros** nese período.

Concibida como unha ferramenta estratéxica e dinámica, busca consolidar a **Galicia como rexión intelixente que contribúa á soberanía dixital da UE**, promovendo a colaboración entre axentes públicos e privados no ámbito da IA a través de **catro eixos prioritarios** que orientan **15 medidas de actuación** para cumprir co obxectivo de **impulsar a adopción e desenvolvemento da IA na rexión**, garantindo un impacto socioeconómico positivo desta tecnoloxía en Galicia.

O **primeiro fito** no marco da Estratexia acádase no 2022 coa posta en marcha do **nodo de IA, Galicia**, momento no que os esforzos do Goberno galego están centrados no impulso da **candidatura de Galicia para acoller a sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA)**, que finalmente foi concedida á cidade da Coruña.

Galicia conta cunha notable traxectoria no eido da Intelixencia Artificial, sendo pioneira na aprobación dunha Estratexia de Intelixencia Artificial de carácter rexional

A finais de 2022 e transcorridos os **dous primeiros anos de desenvolvemento da EGIA**, conflúen diversos acontecementos que motivan a **necesidade de adecuar a Estratexia aos novos escenarios**.

Entre eles, atópanse as capacidades derivadas da **localización da AESIA** en Galicia; a **aprobación da Alianza Ibérica** para reforzar a cooperación e impulso de proxectos dixitais na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal ou a identificación de **novos desafíos no ecosistema galego de IA**.

Xunto a estes, e ao abeiro dunha colaboración impulsada pola Xunta de Galicia coas tres universidades galegas para realizar un **estudo sobre o marco ético e normativo do uso da IA en Galicia**, identifícase unha **oportunidade de desenvolvemento normativo autonómico** en materia de IA.

O estudo, que ten por obxectivo garantir os dereitos fundamentais da cidadanía no marco do desenvolvemento e uso da IA na rexión, **senta as bases** para a posterior **elaboración do que será a Lei de Intelixencia Artificial de Galicia**.

Así, durante o 2023 lévese a cabo un proceso de **revisión e adaptación da Estratexia** que culmina en xaneiro de 2023 coa presentación ao Consello da Xunta do **informe *Galicia ante os novos retos da Intelixencia Artificial. Propostas para a adaptación da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 aos novos escenarios***.

En abril do mesmo ano o **Parlamento de Galicia solicita** formalmente ao Goberno galego o **impulso das actuacións necesarias** para que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público **adopten como marco de actuación** o establecido polo **Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial**, así como o **desenvolvemento normativo** necesario para a **aplicación da IA na Administración Autonómica**.


En novembro do 2023 o **Consello de Xunta autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei para o desenvolvemento e impulso de IA en Galicia** (en diante, Lei de IA), dando comezo así ao proceso de elaboración do marco legal coa axuda da Comisión de expertos en Intelixencia Artificial de Galicia.

Os esforzos da Xunta de Galicia culminaron en decembro de 2024 coa **aprobación do proxecto de Lei para o desenvolvemento e impulso da IA en Galicia** por parte do Consello de Xunta para a súa remisión ao Parlamento galego, onde a Lei foi aprobada o 25 de marzo do 2025.

Este fito converte a Galicia nunha **rexión pioneira**, sendo a **primeira en regular por lei o deseño, adquisición e uso da IA**, e reforzando a súa posición como rexión á vangarda tecnolóxica.

A aprobación desta norma da **resposta ao compromiso da lexislatura 2024-2028** de incorporar ao ordenamento xurídico rexional as normas necesarias para **facilitar a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto** no sector público e privado en Galicia, e da conta das **recomendacións do Consello de Europa** no relativo aos principios de aplicación ao ciclo de vida dos sistemas de IA.

ILUSTRATIVO 3. Cronoloxía dos principais fitos e avances estratéxicos vencellados á IA en Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Durante os últimos anos, en liña coa tendencia global da **implementación de solucións de IA no sector público**, a Xunta de Galicia avanzou na adopción desta tecnoloxía na administración pública galega.

No marco do eixe 3 da EGIA, **puxéronse en marcha diversos casos de uso** que teñen por obxectivo común **mellorar a eficiencia dos servizos públicos** e a **atención á cidadanía**.

ILUSTRATIVO 4. Proxectos de Intelixencia Artificial na Administración Pública de Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

2.2. O ecosistema de Intelixencia artificial de Galicia

Galicia vive un momento clave no desenvolvemento do seu ecosistema de IA coa posta en marcha deste Programa Galego de IA.

Coa elaboración da EGIA, este **ecosistema estrutúrase en torno a tres fases de xeración de valor**, cada unha con actores e recursos significativos.

- **Fase de ideación:** Galicia destaca pola súas tres universidades e centros de investigación e tecnolóxicos como piares fundamentais.
- **Fase de oferta:** O potencial da rexión para xerar coñecemento e solucións tecnolóxicas propias é significativo. O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) xoga un papel crucial, proporcionando unha infraestrutura que impulsa a investigación e innovación en IA, facilitando avances en proxectos científicos e empresariais.
- **Fase de demanda:** A demanda de solucións en IA en Galicia está crescendo, tanto no sector público como nas industrias e servizos. Segundo o INE, Galicia supera a media estatal no uso de IA por parte das empresas, o que reflicte a crecente adopción desta tecnoloxía en diversos sectores da economía da rexión.

Con todo, é preciso seguir fortalecendo o ecosistema galego de IA a través de novas iniciativas, proxectos e medidas que cheguen a todos os niveis, pois **os avances nacen da colaboración entre todos os axentes**.



Universidades e centros de coñecemento

Fundamentais para a atracción e retención do talento, especialmente no eido tecnolóxico, así como para o establecemento de colaboracións internacionais.



Administración Pública

Papel protagonista na orientación e implantación da IA nos distintos sectores económicos de Galicia. É o orquestrador e facilitador do ecosistema.



Cidadanía

Principal beneficiario da IA que debe recibir a formación adecuada e ter acceso ás iniciativas promovidas pola administración.




Industria e sector empresarial

Líderes do camiño a seguir para incorporar a IA nos procesos de produción e aproveitar as oportunidades da dixitalización para mellorar a súa competitividade.

Segundo os últimos datos publicados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), a IA atópase **integrada no tecido produtivo galego** grazas aos diferentes avances no seu uso.

En concreto, as empresas do noso territorio comezaron a adoptala como ferramenta crucial no seu día a día, destacando a súa adopción no sector industrial e dos servizos. A continuación, amósanse os **principais avances e desenvolvementos** que demostran o impacto da IA en Galicia.

GRÁFICO 3. Adopción da Intelixencia artificial nas empresas e sectores de Galicia



Fonte: Informe Galicia Dixital. Tecnoloxías Disruptivas nas empresas de Galicia. Edición 2023. OSIMGA (2024).

O potencial transformador da intelixencia artificial fai das **ferramentas de IA un activo especialmente atractivo para as empresas de Galicia na mellora dos seus procesos** produtivos e das actividades de I+D+i.

As **solucións de IA máis populares** no tecido empresarial de Galicia son as baseadas en IA xenerativa escrita ou falada, recoñecemento da linguaxe natural e transcripción de audio a texto.

GRÁFICO 4. Uso da Intelixencia Artificial polas empresas de Galicia



Fonte: Informe Galicia Dixital. Tecnoloxías Disruptivas nas empresas de Galicia. Edición 2023. OSIMGA (2024).

O PROGRAMA GALEGO 3 DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL 2025-2027

3 O PROGRAMA GALEGO DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL 2025-2027

3.1. Motivacións

O ano 2025 marca un punto de inflexión para a IA en Galicia. Diversos acontecementos conflúen, creando unha oportunidade única para axuntar e aproveitar todas as capacidades e recursos da Xunta de Galicia en relación con esta tecnoloxía, a través da posta en marcha dun **Programa Rexional de Intelixencia Artificial**.

Entre estes acontecementos destacan, en primeiro lugar, o **inicio da segunda metade da Estratexia Galicia Dixital 2030** (EGD), marcada pola aprobación en Consello de Xunta da súa primeira avaliación intermedia. Este proceso de avaliación resultou na identificación dos novos retos aos que Galicia deberá dar resposta, destacando o papel crucial da IA como panca de transformación da rexión.

A EGD 2030 busca impulsar a dixitalización en todos os ámbitos de Galicia, e **a IA ofrece un potencial enorme para mellorar a eficiencia e a competitividade** en sectores clave da nosa economía.

En segundo lugar, o cumprimento dos **tres primeiros anos** de execución da **Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030** (EGIA), o instrumento aprobado no 2021 que establece o marco estratéxico para promover esta tecnoloxía na rexión, e onde se definiron as primeiras actuacións para o seu desenvolvemento.

No 2023, coa finalidade de adecuar a EGIA aos novos escenarios, **elabórase o informe Galicia ante os novos retos da Intelixencia Artificial**, no que recolleron unha serie de propostas de adaptación deste instrumento crucial no desenvolvemento e impulso da IA en Galicia.

Así, como resultado dos tres primeiros anos de execución deste instrumento estratéxico, **realizouse no 2024 un exercicio de balance das actuacións** que permitiu avaliar o grado de execución das medidas propostas, analizar os avances acadados e sentar as bases para novas iniciativas para Galicia.

Así, nos últimos anos, púxose especial foco en **despregar un marco operativo, tecnolóxico e normativo** para o desenvolvemento ordenado da IA en Galicia, sendo necesario impulsar, agora, novas actuacións que aceleren a súa adopción por parte das pemes e empresas, a cidadanía e a propia Xunta de Galicia.

En terceiro lugar, cabe ser mencionado que a EGIA foi concibida como un marco estratéxico adaptativo e cambiante que, ademais de buscar a consolidación da rexión como líder en dixitalización, tamén pretende **promover a colaboración entre os principais axentes do ecosistema galego de IA**, sendo a coordinación dos esforzos dos axentes do ecosistema galego de IA outra das motivacións para a elaboración deste programa.

En cuarto lugar, a aprobación no parlamento da **Lei para o desenvolvemento e impulso da Intelixencia Artificial en Galicia**, en marzo de 2025, e para o seu cumprimento e despregamento, será preciso impulsar dende a Xunta novas actuacións tanto en materia de gobernanza interna e externa, como en materia de fomento do seu uso por parte da cidadanía, así como por parte das pemes e empresas galegas, para acelerar a transformación produtiva e mellorar a competitividade empresarial da rexión.

Para iso, a nova Lei establece, a través do seu artigo 33, a figura dos **Programas Sectoriais de IA**, para que as distintas Consellerías da Xunta de Galicia propoñan os proxectos e as actuacións para a elaboración da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial.

Por último, este Programa busca **consolidar a Galicia como referente no desenvolvemento e aplicación da IA**, baseándose na necesidade de adaptarse aos cambios e oportunidades do panorama actual, e consolidando o traballo previo e acelerando a adopción de IA en todos os sectores da sociedade galega.

PRINCIPAIS MOTIVACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO PROGRAMA GALEGO DE IA 25-27



Inicio da segunda metade da Estratexia Galicia Dixital 2030



3 primeiros anos da Estratexia Galega de IA 2030



Promoción e fortalecemento do ecosistema galego de IA



Aprobación da Lei para o desenvolvemento e o impulso da IA en Galicia

3.2. Eixes estratéxicos

No escenario actual, a implementación da IA **na administración pública e a súa promoción entre os sectores produtivos e a cidadanía** pode xerar importantes beneficios, como a optimización de procesos, a mellora na toma de decisións e o aumento da competitividade.

O Programa Galego de Intelixencia Artificial 2026-2028 busca **impulsar a adopción e desenvolvemento de tecnoloxías intelixentes**, integrando a planificación sectorial das distintas Consellerías e Entidades da Xunta de Galicia.

O **Programa articúlase en torno a 4 eixes estratéxicos** que coinciden coa estrutura da

Estratexia Galega de Intelixencia Artificial (EGIA), para impulsar o desenvolvemento e adopción da IA en Galicia.

Estes eixes buscan fortalecer as infraestruturas dixitais, fomentar a formación en IA, promover a innovación e facilitar a súa integración no sector produtivo.

O **obxectivo é que Galicia aproveite ao máximo o potencial da IA** para mellorar a competitividade, xerar emprego cualificado e avanzar cara a unha transición dixital sostible.

E1 Galicia Rexión Intelixente

Formula actuacións enfocadas a promover as capacidades estruturais sobre as que cimentar o desenvolvemento da IA na rexión.

E2 Talento e Competencias en IA ao longo da vida

Contempla o desenvolvemento de actuacións para o impulso de habilidades dixitais da cidadanía en IA para aproveitar as súas oportunidades e reducir os seus potenciais riscos; así como a promoción de talento especializado en IA para fortalecer os sectores TIC e investigador de Galicia.

E3 Adopción Estratéxica da IA

Promove a adopción da IA tanto na Xunta de Galicia como nas pemes e grandes empresas de Galicia.

E4 I+i orientada ás necesidades da economía galega

Recolle proxectos enfocados a promover a actividade investigadora e de innovación en materia de IA no ecosistema académico e investigador galego.

EIXE 1

Galicia, Rexión Intelixente



Eixe 1. Galicia Rexión Intelixente

O primeiro eixe estratéxico do Programa céntrase en **establecer e desenvolver os elementos clave** que permitirán a Galicia avanzar cara un **modelo rexional intelixente**, que sitúe ao cidadán no centro e xestione con eficiencia os recursos públicos en proxectos de tecnoloxía e innovación.

A Xunta de Galicia **asume un rol tractor neste cometido**, garantindo non só un desenvolvemento, adopción e impacto ético e legal de IA no territorio, senón tamén ofrecendo un marco de gobernanza sólido para a toma de decisións en relación co despregue da IA no territorio galego.

Liña de Actuación 1. Desenvolvemento dun modelo de goberno da IA na Administración Pública Autonómica

Esta liña de actuación enmárcase na Lei para o desenvolvemento e impulso da IA en Galicia. A Lei establece un marco normativo pioneiro para o uso ético da IA no sector público galego. En particular, impulsa a creación dun modelo de gobernanza para a promoción dunha IA centrada nas persoas, segura, transparente e respectuosa cos dereitos fundamentais. Así, esta liña de actuación articula a creación dos órganos responsables e os instrumentos necesarios para garantir a transparencia e rendición de contas no deseño, implementación e supervisión de sistemas de IA na administración rexional.

A liña de actuación **comprende as seguintes medidas:**

1 Creación dos órganos de goberno da IA

Establecemento da estrutura institucional para a gobernanza da IA en Galicia. Inclúe a creación da Oficina Galega de IA, o Consello Galego de IA e a figura dos Comisionados. Cada organismo ten funcións específicas para coordinar, asesorar e supervisar o uso ético e responsable da IA na Administración pública autonómica, de acordo co establecido na Lei para o desenvolvemento e impulso da IA en Galicia.

2 Promoción da Transparencia

Posta en marcha dos instrumentos de garantía de transparencia para o uso da IA en Galicia.

De acordo co establecido na Lei para o desenvolvemento e impulso da IA en Galicia, crearase o **Inventario de sistemas de IA** que recollerá todos os sistemas empregados pola administración pública co obxectivo de mellorar a transparencia, eficacia e eficiencia administrativa. Ademais, poñerase a disposición das demais administracións que operan en Galicia o **Repositorio de sistemas de IA**, que ofrecerá unha relación dos sistemas desenvolvidos pola administración galega, dos cales teña os dereitos de propiedade intelectual. Ambos instrumentos permiten a supervisión cidadá e garanten o uso responsable da tecnoloxía.

 Ámbito público

3 Elaboración de estudos de medición do impacto da Intelixencia artificial

Desenvolvemento de estudos destinados a medir o impacto da Intelixencia artificial (IA) en diferentes ámbitos —económico, social, ético e tecnolóxico— co obxectivo de xerar evidencia que oriente a toma de decisións estratéxicas.

Estes estudos permitirán identificar tanto as oportunidades como os riscos asociados ao uso da IA, avaliando a súa influencia, a privacidade e a sustentabilidade, entre outros factores. Os resultados servirán como base para o deseño de políticas públicas informadas e para promover un desenvolvemento responsable de tecnoloxías baseadas en IA.

Liña de Actuación 2. Consolidación e posicionamento do ecosistema galego de IA e atracción de investimentos

Esta liña de actuación céntrase en reforzar o tecido innovador e empresarial arredor da IA en Galicia. Esta iniciativa busca identificar boas prácticas, promover a colaboración público-privada, apoiar proxectos tractores que potencien o crecemento e fortalecemento do ecosistema, atraer investimentos estratéxicos, facilitar o acceso a fontes de financiamento nacionais e internacionais. Ademais, promoverase a difusión do coñecemento e a visibilización do ecosistema galego en redes e foros especializados, posicionando a Galicia como referente no desenvolvemento ético e sostible da intelixencia artificial.

A liña de actuación **comprende as seguintes medidas:**

1 Creación dun mapa do ecosistema galego de IA

Levarase a cabo a elaboración dun mapa do ecosistema galego de Intelixencia artificial co obxectivo de identificar, clasificar e visibilizar aos axentes crave do sector, incluíndo empresas, centros de investigación, universidades, startups, administracións públicas e outros actores relevantes.

2 Participación en consorcios e alianzas nacionais e internacionais

Promoverase a participación activa en consorcios e alianzas tanto a nivel nacional como internacional co fin de fortalecer a presenza e a capacidade de influencia do ecosistema galego de Intelixencia artificial en iniciativas estratéxicas. Esta medida contempla a colaboración con redes, plataformas e proxectos colaborativos no ámbito da IA, así como a integración en programas europeos.

EIXE 2

**Talento e
competencias en IA
ao longo da vida**

Eixe 2. Talento e competencias en IA ao longo da vida

O segundo eixe estratéxico do Programa enfócase na **formación e capacitación en tecnoloxías intelixentes ao longo das etapas vitais da poboación** co obxectivo de incrementar os coñecementos técnicos xerais asociados á IA entre a poboación, **favorecendo así a accesibilidade** e aceptación das solucións baseadas en IA;

formar aos empregados públicos da Xunta de Galicia para **garantir a seguridade** no uso desta tecnoloxía por parte do sector público; contribuír á formación superior **especializada** e promover a atracción e retención de talento; e facilitar que o coñecemento en IA chegue ao noso tecido produtivo.

Liña de Actuación 1. Formación e capacitación en todas as fases do ensino

Esta liña de actuación pretende preparar á comunidade educativa para os retos e oportunidades da IA. Inclúe o deseño dun itinerario formativo específico para o profesorado, que lle permita adquirir competencias dixitais e pedagóxicas no uso desta tecnoloxía. Así mesmo, promove a introdución da IA no mapa de titulacións universitarias galegas, garantindo unha oferta académica aliñada ás necesidades do tecido produtivo e aos avances tecnolóxicos.

A liña de actuación **comprende as seguintes medidas:**

1 Programa específico para a formación do profesorado en tecnoloxías intelixentes nos diferentes niveis educativos

Dotación de formación ao profesorado de todos os niveis educativos de competencias en tecnoloxías intelixentes, tendo en conta o marco ético en IA para o Sistema Educativo. Diseñase un itinerario formativo adaptado a cada etapa educativa, potenciando o uso pedagóxico e crítico da IA nas aulas. A formación incluírá contidos teóricos e prácticos, cun enfoque transversal e actualizado.

2 Introducción da IA no mapa de titulacións do SUG

Integración da intelixencia artificial na oferta académica do Sistema Universitario Galego (SUG). Prevese a introducción de materias optativas relacionadas coa IA en diferentes titulacións, a ampliación de prazas en graos e mestrados de IA e a incorporación de microcredenciais en IA na oferta formativa universitaria.

Liña de Actuación 2. Achega da intelixencia artificial á cidadanía galega

Esta liña de actuación ten como obxectivo achegar a intelixencia artificial á cidadanía galega, promovendo unha comprensión crítica, inclusiva e accesible dos seus usos, beneficios e riscos. A través de accións formativas e de sensibilización, buscamos reducir a fenda dixital e fomentar a participación activa e consciente da cidadanía na transformación dixital da nosa rexión.

A liña de actuación **comprende as seguintes medidas:**

1 Formación en IA nas aulas da Rede CeMIT

Impulso de accións formativas nas aulas da Rede CeMIT para formar á cidadanía en competencias básicas sobre intelixencia artificial. Estas sesións adaptaranse a diferentes perfís e niveis de coñecemento, cun enfoque práctico e divulgativo. O obxectivo é democratizar o acceso ao coñecemento sobre a IA en todo o territorio.

2 Concienciación sobre IA á cidadanía

Deseño de campañas e actividades de sensibilización para asegurar unha sociedade consciente, cunha opinión pública axeitadamente informada. Organizaranse campañas, obradoiros e iniciativas en diferentes formatos e dirixidos a distintos públicos, co obxectivo de concienciar sobre os malos usos dos sistemas de IA e as formas de contrarrestalos.

Liña de Actuación 3. Capacitación en IA dos empregados públicos

Esta liña de actuación ten como obxectivo formar ao persoal das administracións públicas galegas para afrontar os retos e oportunidades que supón a IA. O obxectivo é garantir que os empregados públicos dispoñan dos coñecementos, ferramentas e recursos necesarios para aplicar a IA de forma ética, segura e eficaz no desempeño das súas funcións.

A liña de actuación **comprende as seguintes medidas:**

1 Adaptación da formación TIC da EGAP ao novo marco normativo da IA

Actualización do contido dos cursos ofertados pola EGAP para aliñalos co Regulamento europeo de IA e a Lei 2/2025 de Galicia. Así, o persoal público poderá adquirir competencias actualizadas sobre o uso responsable da IA, promovendo unha cultura de innovación e cumprimento normativo.

2 Elaboración de guías sobre a IA para empregados públicos

Aproveitamento do coñecemento adquirido e as boas prácticas identificadas na participación da Xunta de Galicia no sandbox de IA promovido polo Ministerio de Transformación Dixital, para a elaboración de guías prácticas dirixidas á totalidade do persoal empregado público co obxectivo é estender e facilitar unha comprensión transversal do uso da IA no sector público galego.

EIXE 3

Adopción estratéxica da IA

Eixe 3. Adopción estratéxica da IA

O terceiro eixe estratéxico do Programa enfócase na mellora da eficiencia e eficacia dos servizos públicos, a axilización de procesos administrativos apoiado no uso da IA, e na creación dun ecosistema galego de empresas tecnolóxicas no campo da IA.

Para logralo, a **adopción estratéxica** desta tecnoloxía debe levarse a cabo cun **dobre enfoque**, integrando o impulso do despregue da IA da **Administración Pública** e nos **sectores económicos de Galicia**, apoiando ás pemes na súa transformación dixital.

O eixe 3 formula así 4 liñas de actuación clasificadas segundo o seu ámbito público ou privado.


A primeira liña de actuación componse de **2 medidas para a posta en marcha de proxectos habilitadores** que comprenden a implantación das **infraestruturas dixitais e actuacións** necesarias para o **desenvolvemento dos casos de uso Intelixencia Artificial** transversais e sectoriais na Administración Pública de Galicia.

A segunda liña de actuación aglutina ata **8 medidas transversais a todos órganos e organismos da Xunta de Galicia** para a posta en marcha de casos de uso que permitan optimizar e axilizar a xestión da información, a tramitación de procedementos e a contratación pública, así como mellorar a atención á cidadanía, co obxectivo de prestar uns servizos públicos máis proactivos e personalizados.

A terceira liña de actuación comprende as **medidas que darán resposta aos retos concretos de cada sector** da Xunta de Galicia, sempre a través de tecnoloxías intelixentes para a optimización de recursos, a mellora da calidade dos servizos públicos e a xeración dun maior impacto sectorial.

Por último, o **ámbito privado concentra a cuarta liña de actuación enfocada ás medidas de apoio financeiro** a empresas e pemes co obxectivo de aumentar a competitividade do tecido produtivo galego a través do fomento da incorporación de IA nos seus procesos produtivos, loxísticos e comerciais.

Estrutura do Eixe 3. Adopción estratéxica da IA



 Ámbito público **Liña Transversal 1. Proxectos habilitadores para a posta en marcha de solucións de IA**

Esta liña de actuación de carácter transversal **é fundamental como primeiro paso** para a posta en marcha dos proxectos de adopción estratéxica da IA. Céntrase na creación dunha **infraestrutura dixital robusta e dos servizos clave** que permitan o desenvolvemento e implementación de solucións de IA innovadoras no sector público autonómico de Galicia.

A liña de actuación **comprende os seguintes proxectos habilitadores:**

1 Plataforma de servizos transversais de analítica avanzada de datos e intelixencia artificial

Creación da plataforma para o desenvolvemento de proxectos de IA que incorpora o almacenamento, analítica e xestión da calidade dos datos. Esta infraestrutura incluírá tamén mecanismos para o goberno, a xestión e monitorización dos proxectos e as solucións de IA necesarias para o desenvolvemento dos casos de uso integrados neste Programa.

Ademais, inclúese o establecemento de espazos controlados de probas de sistemas de IA e o aprovisionamento de contornas que favorezan a definición e desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas intelixentes no sector público autonómico.

A plataforma garantirá a dispoñibilidade e calidade dos datos mediante a adquisición de datos externos que permitan o adestramento e probas dos sistemas de IA a desenvolver pola Xunta de Galicia.

Inclúese tamén o desenvolvemento de modelos de linguaxe propios e dun repositorio de algoritmos, abordando a selección, parametrización, personalización e implementación dun LLM en galego. Este produto proporcionará independencia á Xunta de Galicia, dispoñendo do control dos proxectos e recursos sen depender de condicións externas.

2 Goberno do dato

Establecemento dun servizo de apoio especializado na definición e execución das actividades vencelladas á gobernanza de datos, incluíndo a operación e soporte das plataformas de datos, a análise da calidade dos datos e a coordinación e control das iniciativas.

 Ámbito público **Liña Transversal 2. Medidas de IA para mellorar a tramitación de procedementos**

Esta liña de actuación de carácter transversal enfócase na implementación de medidas tecnolóxicas intelixentes de que teñen o potencial de **transformar a xestión e tramitación de procedementos administrativos**, mellorando a interacción da administración coa cidadanía e axilizando procesos de xestión interna. Estas medidas **optimizarán a eficiencia e calidade dos servizos públicos** de todas as Consellerías e entidades da Xunta de Galicia.

A liña de actuación **comprende as seguintes medidas:**

1 Xestión intelixente da atención á cidadanía

Establecemento de novos canais de atención á cidadanía e mellora dos existentes mediante a incorporación da IA para ofrecer información en constante actualización, incluíndo a implementación de asistentes virtuais que permitan á cidadanía a interacción en tempo real para obter información e orientación sobre procedementos, trámites, convocatorias ou novidades normativas a través de conversas en linguaxe natural.

2 Aplicación da IA para a análise intelixente de imaxes

Despregue de solucións de IA mediante visión por computación para a análise de imaxe e vídeo co obxectivo de facilitar e axilizar as actuacións administrativas en procesos e trámites, así como a actualización continuada de ferramentas como catálogos, inventarios ou mapas públicos.

3 Apoio funcional para a xestión da información

Optimización da xestión documental e mellora da eficiencia administrativa mediante a implementación de tecnoloxías de ditado de voz, ferramentas de xestión centralizada da información e asistentes virtuais intelixentes. Estas solucións permitirán reducir erros, axilizar a recollida de datos e liberar ao persoal técnico de tarefas repetitivas, mellorando así a precisión e rapidez na administración pública.

4 Xestión e tramitación electrónica intelixente de procedementos administrativos

Simplificación e axilización da tramitación dos procedementos administrativos mediante a implementación de ferramentas intelixentes de apoio á labor do persoal técnico da Administración Pública na xestión, procesamento, análise e verificación de expedientes e liquidación de taxas, permitindo unha xestión unificada e a automatización de procesos manuais repetitivos.

 Ámbito público

5 Xestión intelixente de alegacións e recursos administrativos

Implementación de ferramentas de IA para a xeración de informes sobre alegacións, clasificación de documentos e desenvolvendo correlacións intelixentes de tipos de respostas e argumentos a recursos administrativos.

6 Contratación Pública Intelixente

Optimización dos procesos de licitación mediante a implementación de ferramentas de intelixencia artificial que faciliten a elaboración de pregos, axilicen o proceso de revisión, análise e avaliación de documentación e expedientes, e proporcione apoio na valoración obxectiva de ofertas.

7 Xestión de procedementos de responsabilidade patrimonial

Plataforma intelixente para a xestión integral de procedementos de responsabilidade patrimonial, automatizando a verificación normativa e tramitación de reclamacións. Ademais, permite agrupar e resumir reclamacións para elaborar informes estruturados. Esta solución mellora a eficiencia, a transparencia e a seguridade xurídica na xestión administrativa.

 Ámbito público **Liña Transversal 3. Solucións sectoriais de IA**

Esta liña de actuación pretende promover o desenvolvemento de aplicacións de IA específicas para sectores clave como a sanidade, a educación, o medioambiente ou a mobilidade, entre outros. O obxectivo é aproveitar o potencial da IA para resolver desafíos específicos en cada sector, mellorar a eficiencia, fomentar a sustentabilidade e xerar valor engadido a través da innovación tecnolóxica.

A liña de actuación **inclúe as seguintes medidas, integradas por diversos proxectos:**

1 Solucións de IA para a xestión medioambiental

Xestión intelixente de residuos e autorizacións ambientais, o proceso de inspección e supervisión ambiental, as avaliacións e monitorizacións ambientais e a tramitación de procedementos administrativos de carácter ambiental. Tamén inclúe solucións intelixentes de predición meteorolóxica e seguimento do clima da rexión.

2 Solucións de IA para a xestión das emerxencias e a seguridade

Integración da IA empregadas para a anticipación de riscos e emerxencias, analizando datos en tempo real e mellorando a resposta e coordinación dos servizos de emerxencias autonómicos. Ademais pretende aplicar esta tecnoloxía para personalizar e optimizar a formación do persoal de seguridade.

3 Solucións de IA para a xustiza

Aplicación da IA a proxectos do ámbito xudicial para optimización de tarefas e análise de textos xurídicos co obxectivos de mellorar a eficiencia e reducir a carga de traballo dos organismos xudiciais.

4 Solucións de IA para a xestión da mobilidade e o transporte

Mellora da xestión administrativa en materia de transporte, o desenvolvemento dunha Plataforma Intelixente de Transporte, co seu espazo de datos e posteriores análises de escenarios e comportamentos de usuarios. Ademais, traballarase no deseño dun xemelgo dixital de transporte de Galicia.

5 Solucións de IA para a xestión das relacións institucionais, parlamentarias e exteriores

Solucións relacionadas coa xestión e monitorización intelixente das relacións institucionais e internacionais da Xunta de Galicia.

 Ámbito público

6 Solucións de IA para a xestión do patrimonio e a cultura

Promoción do uso da intelixencia artificial para protexer, xestionar e difundir o patrimonio cultural galego. Desenvolvemento de proxectos que permitan conservar bens culturais, dixitalizar arquivos históricos e mellorar o acceso á Información patrimonial e cultural. Tamén inclúe proxectos de impulso o uso do galego nas tecnoloxías e facilita a promoción da cultura a través de canles dixitais.

7 Solucións de IA para a xestión educativa e da innovación

Uso da IA para modernizar a xestión educativa, mellorar a aprendizaxe e apoiar a innovación no sistema educativo galego. Inclúense proxectos para personalizar a educación, optimizar a planificación e facilitar a comunicación entre centros e familias. Tamén impulsa a eficiencia na xestión de recursos e persoal docente.

8 Solucións de IA para a xestión industrial e de sectores estratéxicos

Modernización da industria galega mediante a análise intelixente de datos industriais e enerxéticos, a monitorización continua dos recursos forestais, a optimización administrativa, o impulso da innovación no sector mineiro e o apoio á internacionalización dos sectores produtivos.

9 Solucións de IA para a xestión forestal e a defensa do monte

Co obxectivo de protexer os espazos forestais galegos, trátase de proxectos para a loita e prevención dos incendios, mediante sistemas de predición, detección temperá e resposta coordinada, así como a xestión eficiente dos recursos forestais a través da análise de datos e planificación automatizada, para a redución de riscos ambientais e a mellora da conservación do monte.

10 Solucións de IA para o desenvolvemento rural

Actuacións de reestruturación parcelaria intelixente, que permita planificar e executar procesos de reorganización do territorio agrícola de forma máis eficiente e adaptada ás necesidades actuais, e a xestión automatizada dos instrumentos de recuperación da terra agraria, facilitando a identificación, análise e posta en valor de terras infrautilizadas.

11 Solucións de IA para a xestión da gandaría e o agro

Solucións que contribúen á optimización da produción agrogandeira mediante a análise de datos e recomendacións personalizadas; á xestión das axudas; e á videovixilancia e monitorización sensórica nos centros dependentes de AGACAL.

 Ámbito público

12 Solucións de IA para a xestión da vivenda e do solo

Uso da IA para o desenvolvemento urbano, entre o que encontramos proxectos para a tramitación de axudas, a planificación e xestión automatizada do solo residencial, a xestión da vivenda protexida de promoción pública e o control da calidade das edificacións mediante a análise e supervisión baseados en IA.

13 Solucións de IA para a xestión de infraestruturas

Co obxectivo de contribuír á modernización da rede de infraestruturas, inclúense proxectos de xestión da conservación, mantemento e seguridade das estradas autonómicas, mediante análise de datos en tempo real e de xestión administrativa automatizada das infraestruturas para axilizar trámites e a toma de decisións.

14 Solucións de IA para a xestión urbanística

Desenvolvemento de funcionalidades intelixentes na Plataforma Urbanística Dixital de Galicia, que permiten analizar datos espaciais, automatizar procesos e mellorar o acceso á información urbanística. Ademais, impúlsanse solucións avanzadas de apoio á planificación territorial e urbanística.

15 Solucións de IA para a xestión marítima e pesqueira

Contribución á innovación e competitividade do sector, contéplanse proxectos de xestión intelixente e observación dos datos oceanográficos e de optimización intelixente da pesca, acuicultura e marisqueo.

16 Solucións de IA para a xestión dos portos de Galicia

Melloras na xestión administrativa e contractual da actividade portuaria, monitorización da documentación e xestión patrimonial de activos portuarios para a modernización da operativa e xestión dos recursos dos portos de Galicia.

17 Solucións de IA para xestión do emprego

A través de novos modelos de xestión intelixente, estas solucións permiten analizar perfís profesionais e personalizar itinerarios de inserción laboral. Ademais, facilitan a toma de decisións e melloran a eficiencia dos servizos de emprego.

 Ámbito público

18 Solucións de IA para a xestión do comercio e o consumo

Solucións co obxectivo de mellorar a atención aos usuarios a través de apoio á atención, automatización de respostas, personalización da información e xestión de consultas.

19 Solucións de IA para a xestión da política social

Co obxectivo de mellorar a eficiencia e calidade dos servizos socio-sanitarios da Xunta de Galicia, pretenderase optimizar a xestión dos recursos, anticipar necesidades asistenciais e personalizar a atención aos usuarios.

20 Solucións de IA para o apoio na toma de decisións médicas

Ferramentas de axuda ao autodiagnose mediante análise de imaxe radiolóxica, aplicacións de IA para a interpretación patolóxica de imaxes así como sistemas específicos para apoiar os cribados de cancro. Ademais, intégranse solucións de IA xenerativa na atención primaria que ofrecen recomendacións clínicas personalizadas e melloran a xestión da información médica.

21 Relación dixital cos usuarios do Servizo Galego de Saúde

A través do desenvolvemento de asistentes virtuais, esta medida busca apoiar na resolución de dúbidas, xestionar citas, ofrecer información sanitaria e acompañar ás persoas usuarias nos seus trámites de forma áxil e dispoñible as 24 horas.

22 Solucións de IA para o apoio na toma de decisións de xestión sanitaria

Para fortalecer a capacidade de xestión baseada en datos e impulsar a innovación no ámbito sanitario, engádense proxectos como o Innovatrial, unha ferramenta para o seguimento e control dos estudos de investigación e ensaios clínicos; un sistema de xestión de alertas e eventos nas unidades de pacientes críticos; ou unha plataforma de xestión integral en xenómica, que organiza e interpreta información relevante das historias clínicas para avanzar na medicina personalizada.

23 Solucións de IA para a xestión do emprego público e a administración do persoal

Xestión intelixente dos recursos nos procesos selectivos, ferramentas de apoio á xestión dos procesos de emprego público, e análise das necesidades de persoal no sector público galego.

 Ámbito público

24 Solucións de IA para a xestión económica-financeira autonómica

Estas solucións teñen como obxectivo mellorar a eficiencia, precisión e transparencia na planificación e execución dos recursos públicos. Inclúen ferramentas para a xestión orzamentaria e automatizar procesos, prever escenarios e optimizar a asignación de fondos.

25 Solucións de IA para a simplificación administrativa

Aplicación da IA na xestión e mellora continua dos procedementos e servizos administrativos, identificando ineficiencias e propoñendo optimizacións de forma automatizada, apoiando no ciclo de contratación pública, e facilitando o labor do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia.

26 Solucións de IA para o sistema tributario autonómico

Proxectos que melloren a eficiencia, transparencia e capacidade de resposta da administración tributaria galega. Inclúen ferramentas para a busca de resolucións e sentenzas en procedementos tributarios, solucións de apoio á tramitación e xestión dos procedementos tributarios, e sistemas de análise dos fluxos de traballo da ATRIGA.

27 Solucións de IA para a elaboración de estatísticas autonómicas

Desenvolvemento de ferramentas de IA para apoiar á realización de enquisas oficiais e mellorar a recollida de datos estatísticos. Do mesmo xeito, preténdese desenvolver un sistema de xestión intelixente dos procesos e datos estatísticos da nosa Comunidade Autónoma.

Liña Transversal 4. Apoio para o impulso da adopción da IA na Administración Local de Galicia

Poñeranse en marcha iniciativas dirixidas a fomentar a adopción de tecnoloxías de Intelixencia artificial no ámbito da Administración Local de Galicia. A liña de actuación **inclúe as seguintes medidas, integradas por diversos proxectos:**

1 Adhesión a Acordos Marcos da Administración Autonómica

Esta medida contempla a promoción da simplificación e axilización dos procesos de contratación de solucións de Intelixencia Artificial por parte das Administracións Locais a través da adhesión aos acordos marco que a Administración autonómica teña para este efecto. Neste sentido, reduciranse tamén os custos e os tempos de pilotaxe e implementación de solucións.

 Ámbito privado **Liña Transversal 5. Apoio para o impulso da adopción da Intelixencia Artificial no tecido produtivo de Galicia**

Esta liña de actuación pretende impulsar a adopción de tecnoloxías de IA nas empresas e tecido produtivo de Galicia, a través dunha serie de apoios que faciliten o acceso a tecnoloxías, formación e servizos de IA dirixidos ao ámbito empresarial. O principal obxectivo desta liña é fomentar a competitividade e a innovación en IA nas empresas galegas.

A liña de actuación **comprende as seguintes medidas:**

1 IA 360. Subvencións dirixidas á optimización das cadeas de valor para a mellora da produtividade das empresas mediante a aplicación da Intelixencia Artificial nos seus procedementos, servizos ou aplicacións

Subvencións IA360 – Axudas para o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación mediante o uso da IA, integrada por tres liñas de axudas:

- A. Axudas ao desenvolvemento de tecnoloxía para a mellora da actividade económica e industrial e para a comercialización de novos produtos e servizos baseados en IA.
- B. Axudas para proxectos de implantación e aplicación de servizos e/ou solucións comerciais baseadas en IA para mellorar a competitividade das empresas de Galicia; e proxectos no marco da xestión estratéxica do dato para acelerar a adopción de solucións baseadas en Intelixencia artificial.
- C. Axudas para proxectos de formación en IA en empresas de Galicia, para mellorar a súa capacitación, competitividade e integración da IA nas súas cadeas de valor.

2 Ticket Innova. Liña de subvencións para incentivar o uso de servizos para o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación nas pemes

Convocatoria de axudas destinadas a incentivar o uso de servizos para o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación polas pequenas e medianas empresas (pemes), en especial, polas pertencentes a sectores tradicionais non intensivos en innovación.

Inclúen a financiamento de contratación, por parte das pemes, de servizos especializados de apoio á innovación que inclúan os servizos relativos á xestión da innovación e a súa implantación no mercado, realizados a través de empresas de consultoría especializadas na prestación de servizos de innovación e centros tecnolóxicos galegos.

EIXE 4

I+i orientada ás
necesidades da
economía galega



Eixe 4. I+i orientada ás necesidades da economía galega

Este eixe ten como obxectivo alinear a investigación e a innovación en intelixencia artificial cos retos e oportunidades específicos do tecido produtivo galego. Para iso, este Programa pretende impulsar un modelo de innovación que non só promova a excelencia científica, senón que tamén reforce a conexión entre o coñecemento xerado nos centros de investigación e as de-

mandas reais dos sectores estratéxicos de Galicia.

Este eixo artículase arredor de tres liñas de acción clave de impulso á innovación na rexión que establecerán as bases para a consolidación dun ecosistema de intelixencia artificial robusto e competitivo, aliñado co desenvolvemento sostible de Galicia.

Liña de Actuación 1. Apoio ao talento investigador ao longo da súa carreira

Esta liña de actuación pretende acompañar, impulsar e fortalecer o desenvolvemento profesional do talento investigador en Galicia, desde as primeiras etapas ata a súa consolidación. Búscase fomentar a excelencia científica, a retención do talento e a conexión co tecido produtivo, contribuíndo ao liderado galego en intelixencia artificial.

A liña de actuación **comprende as seguintes medidas:**

1 Axudas predoutorais

Convocatoria de financiamento para novas persoas investigadoras que inicien a súa tese doutoral, entre outras, en áreas clave relacionadas coa IA, promovendo a formación avanzada e a xeración de coñecemento neste ámbito.

2 Axudas postdoutorais

Convocatorias de financiamento para persoas investigadoras, entre outros ámbitos, con aqueles relacionados coa IA, orientadas a fortalecer a carreira investigadora de persoas expertas en Galicia. Promoverase a integración internacional para aplicar solucións innovadoras.

3 Doutoramentos industriais

Fomento de programas de doutoramento industrial que integren a investigación académica coa innovación empresarial, favorecendo a transferencia de resultados e a empregabilidade no sector industrial da rexión.

Liña de Actuación 2. Apoio aos grupos e centros de investigación do SUG

Esta liña de actuación ten como obxectivo reforzar as capacidades científicas e tecnolóxicas en IA dos grupos e centros de investigación do Sistema Universitario Galego. Busca potenciar a consolidación de estruturas de investigación estables, o acceso a infraestruturas avanzadas e a participación en redes de excelencia.

A liña de actuación **comprende as seguintes medidas:**

1 Axudas á consolidación e crecemento dos grupos de investigación

Programas de financiamento dirixido a proxectos de investigación galegos con alto potencial de mercado, co fin de validar a súa viabilidade técnica e comercial. O obxectivo é consolidar e especializar os grupos de investigación máis competitivos, impulsando o crecemento e transferencia de coñecemento ao tecido produtivo.

2 Axudas á excelencia dos centros de investigación

Programas de financiamento para fomentar a excelencia científica e investigadora mediante o fortalecemento estratéxico dos centros de investigación do sistema galego de I+D+i.

Liña de Actuación 3. Apoio ao emprendemento especializado e ás colaboracións innovadoras en IA

Esta liña de actuación ten como obxectivo promover o emprendemento especializado e as colaboracións innovadoras no ámbito da intelixencia artificial en Galicia. O obxectivo é crear un ecosistema dinámico que favoreza o nacemento e crecemento de startups tecnolóxicas, así como a conexión entre emprendedores, centros de desenvolvemento e empresas consolidadas.

A liña de actuación **comprende as seguintes medidas:**

1 Rescate excelencia NEOTEC

Axudas para a posta en marcha de proxectos empresariais que requiran o uso de tecnoloxías ou coñecementos desenvolvidos a partir da actividade investigadora e nos que a estratexia de negocio se base no desenvolvemento de tecnoloxía.

2 VINNOVATE

Convocatoria de financiamento aos axentes galegos que participen no mecanismo interrexional Vinnovate de proxectos de I+D+i con axentes doutras rexións europeas integrantes da Vanguard Initiative.

3 NEXOS

Liña de axudas para apoiar proxectos de I+D+i de consorcios de empresas.

4 Unidades mixtas de investigación

Convocatoria de axudas dirixidas as agrupacións entre un organismo de investigación de Galicia e unha ou varias empresas, que formen parte dunha unidade mixta de investigación para o impulso de proxectos innovadores.

5 Misións da especialización intelixente (RIS3)

Convocatorias de axudas destinadas a apoiar as Misións de Especialización Intelixente de Galicia, no marco da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3 2021-2027. O obxectivo é promover a realización de proxectos de I+D+i de carácter estratéxico que contribúan ás devanditas misións.

6 Axudas para o I+D empresarial

Axudas ao tecido empresarial para a posta en marcha de solucións innovadoras.

7 Axudas para proxectos de I+D+i de biotecnoloxía

Axudas para a posta en marcha de solucións innovadoras no eido da biotecnoloxía.

8 Axudas para proxectos de I+D+i sobre deep tech

Proxectos de I+D+i sobre deep tech en consorcio de todo tipo de entidades, con especial atención ás tecnoloxías da IA e cuántica.

9 Ignicia Proba de Concepto

Financiamento de proxectos de investigación galegos con alto potencial de mercado, co obxectivo de validar a súa viabilidade técnica e comercial antes de seren transferidos ao ámbito empresarial.



XUNTA
DE GALICIA